



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 16 DE OUTUBRO DE 2023**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

MARIA DEL MAR ANTON BRAGE

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 16 de outubro de 2023, réunese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental, dona M^a del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 02.10.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 02.10.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXPEDIENTE: 2023/G006/000229**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 26.09.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
RECOLLIDA DE RESIDUOS**

Expediente: 2023/G006/000229



Solicitude: 20190000001354 (08/09/2023)

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000644933

Primeiro. Se presenta proposta de rectificación de datos da Deputación da Coruña en relación cos exercizos 2017, 2018, 2019 e 2020 do recibo co nº fixo que consta nos antecedentes por non ser correcto o suxeito pasivo que non coincide co titular catastral.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 01.01.2016

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural,



salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2017, 2018, 2019 e 2020 segundo o Catastro son os seguintes:

Table with 5 columns: REF. CATASTRAL, ENDEREZO, TITULAR, NIF, DERECHO. It lists two rows of property rights, both with a 50.00% share.

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña non coinciden cos anteriores.

Consta acordo de XGL de 9 de agosto de 2022 no que se anulan os recibos correspondentes aos exercizos 2021, 2020 e 2019 constando como “baixa” na aplicación de xestión da taxa da Deputación. Igualmente os anteriores exercizos foron liquidados ao titular catastral, constando o seu ingreso en febreiro de 2023. Por tanto, da proposta de rectificación da Deputación (2017 a 2020) só procedería a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2017 e 2018 xa que o 2019 e 2020 foron xa anulados.

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2016, 2017 e 2018 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Table with 6 columns: Nº FIXO, ID. VALOR, ENDEREZO TRIBUTARIO, SUXEITO PASIVO, EXERCICIO, COTA (€). It lists two rows of tax receipts for the years 2017 and 2018.

Por todo o exposto, PROPOÑÓ á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo

Table with 6 columns: Nº FIXO, ID. VALOR, ENDEREZO, SUXEITO PASIVO, EXERCICIO, COTA (€). It lists two rows of tax receipts to be annulled.



		TRIBUTARIO		O	
253000644933	20173515022RL01R005102			2017	65,00
253000644933	20183515022RL01R004128			2018	65,00

SEGUNDO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

3. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXPEDIENTE: 2023/G006/000230

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 29.09.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

Expediente: 2023/G006/000230

Solicitude: 20230000001361 (11/09/2023)

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000645355

Primeiro. Se presenta proposta de rectificación de datos da Deputación da Coruña en relación cos exercizos 2017, 2018, 2019 e 2020 do recibo co nº fixo que consta nos antecedentes por non ser correcto o suxeito pasivo que non coincide co titular catastral.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.



II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 01.01.2016

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez **transcorrida a devindicación**”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2017, 2018, 2019 e 2020 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña non coinciden cos anteriores.



Consta acordo de XGL de 9 de agosto de 2022 no que se anulan os recibos correspondentes aos exercizos 2021, 2020, 2019 e 2018 constando como “baixa” na aplicación de xestión da taxa da Deputación. Igualmente os anteriores exercizos foron liquidados ao titular catastral, constando o seu ingreso en febreiro de 2023. Por tanto, da proposta de rectificación da Deputación (2017 a 2020) só procedería a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2017 xa que o 2018, 2019 e 2020 foron xa anulados.

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2017 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000645355	20173515022RL01R005492			2017	47.00

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000645355	20173515022RL01R005492			2017	47.00

SEGUNDO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. ANULACIÓN E LIQUIDACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXPEDIENTE: 2023/G006/000257

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.10.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN E LIQUIDACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Expediente: 2023/G006/000257

Solicitude: 202200000003698

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000723480

Primeiro. Se presenta solicitude para devolución do pago de recibos de lixo do inmovible de referencia por cambio de titularidade.



Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 01.01.2016

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.



VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2020 e 2021 (únicos non prescritos xa que o recibo de 2022 foi anulado por acordo de XGL de 21 de xullo de 2023) segundo o Catastro, son os seguintes:

01/01/2020

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

01/01/2021

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para os exercizos 2020 e 2021 non coinciden cos anteriores.

Anulación, liquidación e alta en Padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2020 e 2021 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
				2021	62.40
				2020	62.40

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercizos 2020 e 2021 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a) LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT). No presente caso o día da devindicación coincide co primeiro ano de posta en funcionamento e para os sucesivos co primeiro día do ano natural (art. 7.1 da Ordenanza reguladora da Taxa).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:



PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000723480	20213515022RL01R000298			2021	62.40
253000723480	20203515022RL01R000296			2020	62.40

SEGUNDO. Liquidar os seguintes recibos:

Nº FIXO	SUXEITO PASIVO	NIF	ENDEREZO TRIBUTARIO	ENDEREZO FISCAL	EXERCICIO	COTA (€)
253000723480					2020	62.40
253000723480					2021	62.40

TERCEIRO. Aprobar a alta no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000723480
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

CUARTO. Comunicar estes acordos aos interesados e á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

5. RECTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. EXPEDIENTE: 2023/X999/000153

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 13.10.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA



Asunto: RECTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Expediente: 2023/X999/000153

Recibos: 393000761225 e 393000761226

Solicitud: 20230000001209 (11/04/2023)

ANTECEDENTES

Primeiro. Solicitud presentada por Rodrigo Martínez García en calidade de suxeito pasivo da taxa por ocupación de dominio público correspondente aos recibos indicados nos antecedentes, na que se sinala que a ocupación real do solo, que se ven liquidando por 3 m2, é de 0.5 m2. O solicitante considera que como consecuencia diso, hai unha diferenza de 2.628,00 euros respecto ao que se lle tiña que cobrar (tomando como referencia o ano 2016).

Segundo. Informe da policía local de 4 de outubro de 2023 de comprobación da superficie de ocupación coa seguinte conclusión:

Cartel en Praza Cortón: 0.5 m2

Cartel en Praza Marieta: 0.5 m2.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2019 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 3.1 reguladora da taxa polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (BOP nº 29/12/2015 BOP Nº: 248), aplicable dende o 01/01/2026.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como consecuencia da instalación de calquera elemento, aparato ou obra, independentemente de que se obtivera a correspondente licenza ou autorización.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 7.1: “A presente taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local que determina o seu feito imponible. Non obstante, no caso de aproveitamentos xa autorizados ou prorrogados, a remuneración da taxa prodúcese o día primeiro de cada ano natural.”

III. En canto á liquidación e ás tarifas a aplicar, éstas veñen determinadas no artigo 5º da Ordenanza no que se regula a cota tributaria:

“Artigo 5º. Cota Tributaria



- 1. A contía da taxa regulada na presente Ordenanza calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números dos epígrafes da Tarifa contida no apartado dous seguinte.
- 2. A Tarifa a que se refire o número anterior, estrutúrase nos seguintes epígrafes:
(...)

Epígrafe	Concepto	Tarifa
3.	Por cada postes de publicidade (por cada m2 ou fracción adicado a publicidade, ao mes)	6,00 €

Por tanto o importe a liquidar, segundo os datos que fai constar a policía local no seu informe de 4 de outubro, sería (para cada ocupación/recibo):

0.5 m2*6.00 €*12 meses= 36,00€

En canto ás diferencias manifestadas polo solicitante entre o liquidado e o que se debería liquidar, tomando como referencia o ano 2016, hai que ter en conta os prazos de prescripción. O dereito a solicitar as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías prescribe aos 4 anos (art. 66.c) LXT).

Por tanto, a reclamación das diferencias non pode ir máis alá dos catro ano de prescripción referidos e por tanto, afectaría aos recibos de 2020 a 2023, incluídos.

Visto o anterior, propónse:

PRIMEIRO.- ANULAR os recibos seguintes por erro nas liquidacións:

NÚMERO DE MATRICULA	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
393000761225	20233515022MC01R000002			2023	216.00
393000761226	20233515022MC01R000001			2023	216.00
393000761225	20223515022OT01R000007			2022	216.00
393000761226	20223515022OT01R000008			2022	216.00
393000761225	20213515022OT01R000008			2021	216.00
393000761226	20213515022OT01R000007			2021	216.00
393000761225	20203515022OT01R000008			2020	216.00
393000761226	20203515022OT01R000007			2020	216.00

SEGUNDO.- Liquidar os seguintes recibos:

NÚMERO DE MATRICULA	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
393000761225			2023	36.00
393000761226			2023	36.00
393000761225			2022	36.00
393000761226			2022	36.00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



393000761225		2021	36.00
393000761226		2021	36.00
393000761225		2020	36.00
393000761226		2020	36.00

TERCEIRO. Modificar no Padrón a referencia de cálculo para as liquidacións dos recibos 393000761225 e 393000761226, de xeito que o cálculo da tarifa se faga tomando como referencia as medidas sinaladas no informe da Policía Local (0.5m2 de ocupación para cada cartel publicitario)

CUARTO. Comunicar a presente resolución á Deputación da Coruña aos efectos oportunos como ente encargado da xestión recadatoria da taxa e ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.10.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/A002/000005

Asunto: APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

O Pleno do concello, en sesión ordinaria realizada o día 27.07.2023, acordou a aprobación das bases da subvención para gastos de funcionamento da Escola de Música Vila de Cedeira para os anos 2023 a 2026.

Con data 06.09.2023 reúnese a comisión avaliadora que propón a concesión da subvención a Escola de Música Vila de Cedeira.

Con data 11.10.2023, asínase o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543 para os anos 2023 a 2026.

O importe a subvencionar para o ano 2023 é de 11.500,00€ con cargo á partida 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Constan no expediente informe favorable de Intervención relativo ao anticipo do 75% do importe da subvención de data 11.10.2023.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

RESOLVO



Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 75% do importe subvencionado da anualidade do ano 2023, esto é, 6.937,50€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor do beneficiario, Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543.

TOTAL		
SUBVENCIÓN	ANTICIPO 75%	RESTO
11.500,00€	8.625,00€	2.875,00€

Segundo.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportuno.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DENOMINADO “SUBMINISTRO DE LÁMPARAS LED NAS RÚAS NOSA SEÑORA DO MAR, REQUEIRO, SALINAS E OUTRAS NO CONCELLO DE CEDEIRA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DENOMINADO “SUBMINISTRO DE LÁMPARAS LED NAS RÚAS NOSA SEÑORA DO MAR, REQUEIRO, SALINAS E OUTRAS NO CONCELLO DE CEDEIRA ”

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.09.2020 adxudicouse o contrato denominado "subministro de lámparas led nas rúas Nosa Señora do Mar, Regueiro, Salinas e outras" á empresa INESMA, S.L. polo importe de 16.541,93 € IVE incluído.

O adxudicatario, en data 24.08.2020 constituíu a garantía definitiva polo importe de 683,55 euros (certificado de seguro de caución núm. 201703560-00008 da entidade Millennium Insurance Company Ltd de data 24.08.2020), e o día 06.10.2020 formalízase o contrato administrativo.

Con data 17.12.2020 formalizouse a Acta de recepción.

O día 01.09.2023 a empresa INESMA, S.L. solicita a devolución do seguro de caución núm. 201703560-00008 da entidade Millennium Insurance Company Ltd de data 24.08.2020 polo importe de 683,55 €.

Consta no expediente un informe favorable emitido con data 06.10.2023 por D. José Ángel Picos Loureiro, empregado do servizo municipal de mantemento.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **propono** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución do seguro de caución núm. 201703560-00008 da entidade Millennium Insurance Company Ltd de data 24.08.2020 polo importe de 683,55 €.

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, e devolver o aval orixinal.



3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 01.09.2023, P.O. 75/2022 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI S.L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000009)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 01.09.2023, P.O. 75/2022 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI S.L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000009)

Visto que con data 15.09.2023 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 01.09.2023 (rex de entrada nº 20239000001378, de data 14.09.2023), en relación co procedemento ordinario P.O. 75/2022 de de Construcciones Josapi S.L. contra o concello de Cedeira.

Visto o oficio do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 05.10.2023 (rex entrada nº 3296, de data 06.10.2023) co que se comunica o carácter de firme da sentenza de data 01.09.2023.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

9. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

9.1 ADXUDICACIÓN DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

**ASUNTO: ADXUDICACIÓN DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL****Nº Expediente: 2023/C003/000012**

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.08.2023 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato denominado «Substitución de ascensor no Centro Socio-Cultural», por procedemento aberto simplificado abreviado, e así mesmo autorízouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 23.08.2023 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	OTIS MOBILITY S.A.	06.09.2023 16:30
2	ORONA S. COOP.	05.09.2023 15:00
3	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	06.09.2023 10:51

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 12 e 19 de setembro e 6 de outubro de 2023 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando admitidas todas elas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A relación de admitidos, ordeada alfabeticamente é a seguinte:

Nº. OFERTA	LICITADOR	NIF
1	ORONA S. COOP.	F20025318
2	OTIS MOBILITY S.A.	A28011153
3	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	B46001897

3.- As ofertas presentadas son as seguintes:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº mulleres
ORONA S. COOP.	32980,00	2528	2422	310
OTIS MOBILITY S.A.	37996,00	3128	3024	315
TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	35490,00	2735	2679	427

4.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:



Licitador	Puntuación oferta económica	Oferta anormal	% fixos plantilla	Puntos fixos plantilla	% mulleres fixas	Puntos mulleres fixas	Puntuación total
ORONA S. COOP.	56,72	si	95,81%	10	12,80%	5	71,72
OTIS MOBILITY S.A.	5,04	non	96,68%	10	10,42%	5	20,04
TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	30,86	non	97,95%	10	15,94%	5	45,86

5.- A oferta presentada pola empresa ORONA S. COOP. Incorre en presunción de anormalidade, polo que a Mesa acorda requirir a este licitador para que xustifique e desglose a oferta realizada, de acordo con disposto na cláusula 15.4.4 do PCAP.

6.- De acordo co informe de data 06.10.2023 emitido polo arquitecto D. Héctor González Castro, a Mesa acorda por unanimidade admitir a oferta presentada por ORONA S. COOP., tendo en conta que resulta viable desde o punto de vista técnico.

7.- A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

8.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requirit, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Substitución de ascensor no Centro Socio-cultural” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	ORONA S. COOP. CIF: F20025318
Importe:	32.980,00 € + 6.925,80 € (IVE). TOTAL: 39.905,80 €
Prazo de execución:	2 meses

Con data 11.10.2023 a empresa ORONA S. COOP. presentou a documentación requirida a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 16.10.2023. emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “substitución de ascensor no Centro Socio-Cultural” a favor do seguinte licitador:

Licitador:	ORONA S. COOP. CIF: F20025318
Importe:	32.980,00 € + 6.925,80 € (IVE). TOTAL: 39.905,80 €
Prazo de execución:	2 meses

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a ORONA S. COOP, adxudicatario da “Substitución de ascensor no Centro Socio-Cultural” o presente acordo e solicitar a devolución da certificación de adxudicación asinado dixitalmente en proba de conformidade.

4.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

5.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

6.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9.2 ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL “O BECO” »

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL “O BECO”»

Nº Expediente: 2023/C003/000010

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.08.2023 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado «Substitución de céspede artificial no campo de fútbol “O Beco”», por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 08.08.2023 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	MERAKI CR S.L.	28.08.2023 15:00



2	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	28.08.2023 18:15
3	OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A	25.08.2023 12:12
4	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	23.08.2023 18:40
5	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L.	25.08.2023 12:32
6	URBAN GLOBAL 2018 S.L.	25.08.2023 11:13

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 12 de setembro e 2 de outubro de 2023 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando admitidas todas elas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A relación de admitidos, ordeada alfabeticamente é a seguinte:

Nº. OFERTA	LICITADOR	NIF
1	MERAKI CR, S.L.	B06909501
2	MONDO IBÉRICA S.A.U.	A50308139
3	OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.	A28410850
4	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	B32425654
5	OZIONA SOLUC. ENTRETENIMIENTO, S.L.	B70329321
6	URBAN GLOBAL 2018, S.L.	B27862580

A continuación compróbase a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira das mostras de céspede presentadas polos licitadores, resultando o seguinte:

DATA PRESENTACIÓN	LICITADOR	NIF
24/08/2023	URBAN GLOBAL 2018, S.L.	B27862580
24/08/2023	OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.	A28410850
29/08/2023	MONDO IBÉRICA S.A.U.	A50308139
29/08/2023	MERAKI CR, S.L.	B06909501
29/08/2023	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	B32425654

3.- A empresa OZIONA SOLUCIONES ENTRETENIMIENTO, S.L., non presenta mostra do céspede a instalar dentro do prazo establecido, polo que resulta excluída.



4.- A Mesa acorda solicitar un informe técnico de valoración das mostras de céspede artificial presentadas polos licitadores.

5.- Do informe técnico de análise de mostras e documentación entregada polos licitadores, elaborado polo redactor do proxecto técnico D. Miguel Fiuza (Brular Gestión, S.L.) con data 27.09.2023, resulta a seguinte valoración:

LICITADOR	VALORACIÓN TÉCNICA
MERAKI CR, S.L.	10
MONDO IBÉRICA, S.A.U.	10
OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A	7
OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	8
URBAN GLOBAL 2018 S.L.	6

6.- A Mesa acorda excluír ás seguintes empresas por presentar mostras que non se axustan na súa totalidade ás prescricións técnicas contidas no proxecto técnico:

- OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.
- OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.
- URBAN GLOBAL 2018, S.L.

7.- procédese á valoración das ofertas, aplicando os criterios de aplicación automática recollidos no anexo V do PCAP:

Licitador	Oferta económica (Sin IVA) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº de Mulleres fixas
MERAKI CR, S.L.	199.280,16	20	20	4
MONDO IBÉRICA, S.A.U.	196.215,00	66	51	18

8.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	Puntuación oferta económica	Oferta anormal	% fixos plantilla	Puntos fixos plantilla	% mulleres fixas	Puntos mulleres fixas	Valoración técnica	Puntuación total
MERAKI CR, S.L.	8,24	NON	100%	15	20%	10	10	43,24
MONDO IBÉRICA, S.A.U.	11,69	NON	77,27%	15	27,27%	10	10	46,69

9.- A oferta presentada pola empresa MONDO IBÉRICA, S.A.U. considérase correcta. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a



solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

10.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requirir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado «Substitución de céspede artificial no campo de fútbol “O Beco”» a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	MONDO IBÉRICA, S.A.U. CIF: A50308139
Importe:	196.215,00 € + 41.205,15 € (IVE). TOTAL: 237.420,15 €
Prazo de execución:	2 meses

Con data 11.10.2023 a empresa MONDO IBÉRICA, S.A.U. presentou a través da Sede electrónica do Concello de Cedeira o aval electrónico (Aval núm. 0561668 do Banco Bankinter S.A. de data 09.10.2023 por importe de 9.810,75 €); e na mesma data presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o xustificante de presentación deste aval e o resto da documentación requirida.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 16.10.2023. emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado «Substitución de céspede artificial no campo de fútbol “O Beco”» a favor do seguinte licitador:

Licitador:	MONDO IBÉRICA, S.A.U. CIF: A50308139
Importe:	196.215,00 € + 41.205,15 € (IVE). TOTAL: 237.420,15 €
Prazo de execución:	2 meses

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a MONDO IBÉRICA, S.A.U., adxudicatario da obra «Substitución de céspede artificial no campo de fútbol “O Beco”» o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo.

4.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

5.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de



conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

6.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL
Mª DEL MAR ANTON BRAGE